

Nace o Foro Reimprímete para reivindicar a importancia do soporte imprimido na industria do libro

Vinte organizacións empresariais e profesionais avalan esta iniciativa impulsada polo Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego e a Asociación Galega de Editores

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2014. O Foro Reimprímete xa é unha realidade. Hoxe constituíuse en Santiago de Compostela, impulsado polo Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego e a Asociación Galega de Editores, e co apoio doutras dezoito organizacións empresariais e profesionais, todas elas involucradas na cadea de valor do sector.

Reimprímete nace nunha data especial, o Día Mundial do Libro. As persoas que os escriben, editan, imprimen, deseñan, traducen, distribúen, publicitan, etcétera, uniron hoxe as súas forzas para crear este foro e alzar conxuntamente a voz en defensa do produto imprimido e do libro.

O libro imprimido garante o acceso á educación e á cultura

A escritora e xornalista Rosa Aneiros leu un manifesto no que reivindicou a importancia do libro imprimido para garantir o acceso á educación e á cultura. "O libro en papel constitúe aínda un elemento fundamental da economía e da nosa cultura".

Engadiu que "a cultura dixital non debe substituír a cultura imprimida: debe convivir coa cultura imprimida. E esta convivencia debe garantir e fomentar, cos recursos institucionais e as políticas públicas necesarias, a supervivencia, interese social, visibilidade da cultura galega: dos seus axentes económicos e dos seus creadores e creadoras".

Aneiros destacou a necesidade dun sistema xusto de retribucións entre quen crea os contidos e quen os consume, para "garantir a calidade, a pluralidade e permanencia dos produtos culturais".

A escritora fixo fincapé tamén na importancia do libro imprimido no sistema educativo e preguntouse sobre o modelo de negocio dos contidos dixitais, sobre quen garante a propiedade intelectual e sobre como resistir

fronte aos monopolios tecnolóxicos e o seu discurso único, entre outras cousas.

Obxectivos de Reimprimete

O Foro Reimprimete nace co obxectivo de reivindicar a importancia do soporte imprimido na industria do libro e posicionar tamén o papel como o mellor medio dende o punto de vista da sostibilidade e o medio ambiente.

Jacobo Bermejo, presidente do Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego, destacou que "o produto imprimido goza de moi boa saúde. Dende esta mesa de diálogo que conformamos hoxe, queremos reivindicar os beneficios e posibilidades que brinda á industria cultural do libro e á sociedade".

Pola súa banda, Manuel Bragado, presidente da Asociación Galega de Editores, sinalou que "coa constitución deste foro queremos facer un chamamento para expresar que existimos. Somos un sector cultural estratéxico para Galicia en termos económicos e de convivencia".

No transcurso do acto, o decano do Colexio de Xornalistas de Galicia, Xosé Manuel Pereiro, deu a palabra aos representantes das vinte organizacións que constituíron o Foro Reimprimete e que "representan a máis de 500 empresas e a máis de 1 300 profesionais de toda a cadea de valor do sector".

Reimprimete constitúese como un foro de diálogo permanente entre todos os axentes que configuran a cadea de valor do sector e promoverá un plan de actuación centrado en resaltar o valor do sector ante a Administración e a sociedade en xeral. Ademais, quere abrir un proceso de reorganización e reflexión dentro do propio sector encamiñado á creación do Clúster da Comunicación Gráfica de Galicia co fin de buscar novos modelos de negocio.

Entidades que conforman o Foro Reimprimete

- Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego (CPGLg).
- Asociación Galega de Editores (AGE).
- Asociación de Empresarios de Artes Gráficas de Galicia (AEAGG).
- Federación de Librarías de Galicia.
- Asociación Galega da Literatura Infantil e Xuvenil (GALIX).
- Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG).
- Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI).

- PEN Club de Galicia.
- Asociación Galega de Marketing (MARKEA).
- Asociación Profesional de Bibliotecarios Municipais de Galicia.
- Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI).
- Asociación de Periodistas de Galicia (APG).
- Colexio de Xornalistas de Galicia (CXG).
- Asociación Galega de Deseñadores (DAG).
- Agrupación de Distribuidores de Libros e Edicións (ADILE).
- Consorcio Editorial Galego.
- Torre de Libros.
- Asociación de Arqueiros, Bibliotecarios, Museólogos e Documentalistas de Galicia (ANABAD-Galicia)
- Nova Escola Galega.
- FSC España para Galicia.

Fotografía: Representantes das organizacións empresariais e profesionais que constituíron hoxe o Foro Reimprime en Santiago de Compostela.